

# A familia reconstituída: Un novo mapa de funcionamento

**OBRADOIRO** gratuito para profesionais



En liña.

4 de novembro de 2020



## Presentación

Nos últimos 50 anos asistimos a unha profunda transformación das estruturas familiares e as formas de convivencia en España. E é que a familia, como sistema social, é dinámica e está en continua evolución o que deu lugar a unha gran diversificación.

A **familia reconstituída** é a formada por unha parella na que polo menos un/unha das/os seus/súas membros ten fillas ou fillos de relacións anteriores, convivan ou non con elas/es de forma permanente. É un modelo familiar cuantitativamente crecente, cunhas dificultades específicas que supoñen un reto para as e os profesionais.

## Obradoiro para profesionais

O obradoiro pretende difundir a especificidade e mapa de funcionamento do modelo de Familia Reconstituída entre profesionais dos ámbitos da intervención familiar, da educación e da saúde, tanto do sector público como do terceiro sector.

Este obradoiro, cunha duración de 2 horas, está subvencionado polo Ministerio de Sanidade, Consumo e Benestar Social.

## Contidos xerais do obradoiro

- A familia reconstituída. Que é. Características. Crenzas erróneas.
- O exercicio da marentalidade/parentalidade nas familias reconstituídas. A duplicidade: nai-madrasta e pai-padrasto.
- Reorganización familiar: Disparidade de normas. A ambigüidade de roles. A reacción das/os fillas/os da nova parella. A importancia da equidade.
- Os problemas de xénero e os problemas do desexo na familia reconstituída.
- Dificultades previsibles na familia reconstituída.
- Casos prácticos.

## Sobre a UNAF

A Unión de Asociacións Familiares (UNAF) é unha entidade sen ánimo de lucro e pioneira da mediación familiar en España, con 27 anos de experiencia tanto na atención a familias como na formación a profesionais, estando recoñecida como Centro de Formación en Mediación polo Ministerio de Xustiza.

Un dos servizos que presta é o Servizo de Atención a Familias Reconstituídas, e froito desta experiencia xorden estes obradoiros para profesionais. As familias reconstituídas teñen unhas características específicas, cunha estrutura e uns modelos de relación familiares diferentes á familia tradicional, que os profesionais debemos coñecer para levar a cabo unha intervención eficaz.

## Data e horario

4 de novembro, de 16:00 a 18:00 h.

En liña, a través de Zoom. Dedicarase arredor de unha hora e media á exposición e media hora para resolver dúbidas ou compartir reflexións sobre o aprendido.

Facilitarase por correo-e, antes da data de celebración, o enlace para poder participar.

## Inscrición

Necesaria inscrición previa a través do formulario a continuación:

[Enlace ao formulario](#)

Prazo de inscrición: ata o **1 de novembro**.

## Contacto

Tif 981 552206

[ceesg@ceesg.org](mailto:ceesg@ceesg.org)

